



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa de Basquiños 9, baixo - 15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: adega@adega.gal
Páxina electrónica: www.adega.gal
Tfne e fax: 981570099

Á FISCALÍA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Sr. D. Álvaro García Ortiz
Fiscal Delegado de medio ambiente, urbanismo, patrimonio histórico e incendios de Galicia

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, no seu nome e en representación de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) CIF 15044811, con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, quere poñer no seu coñecemento os seguintes,

FEITOS E FUNDAMENTACIÓN LEGAL

Os controis poboacionais do lobo na Galiza están suxeitos ao disposto no Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

Para a súa autorización deben de cumprirse unha serie de condicións previas a efectos de respectar a coherencia e finalidade última pola que se aproba o plan específico para a conservación do lobo, considerada coma unha especie predadora *“que dá lugar a unha problemática social que podería derivar en problemas de conservación para a especie, polo que é obxecto dunha atención especial por parte desta administración”*.

Que estimamos que ditas condicións previas, necesarias para outorgar esas autorizacións, non se están a dar e a Administración continúa tramitando expedientes de “controis poboacionais” en contra dunha correcta execución do Plan de Xestión do Lobo, e coa consecuencia de causar un prexuízo ambiental e ecolóxico a esta especie, menoscabando a protección da nosa fauna e flora máis singular.

Que o proceder da Administración nesta cuestión, cos feitos que aquí se describen, poderían ser por si mesmos suficientemente indiciarios dun delito de prevaricación administrativa, conforme ao artigo 404 do

Código Penal. Pois se estarían ditando resolucións para “controis poboacionais” do lobo de maneira discrecional, e cun claro propósito de favorecer unha actividade cinexética para a que a lei de caza limita ostensiblemente. Cun proceder de dolo por parte da Administración, e dos seus funcionarios responsables, no que sistemáticamente non se respectan as normas esenciais do procedemento que debería estar sometido a unhas concretas “directrices de xestión”, que non existen, e co que se contravén de maneira arbitraria a lexislación vixente, neste caso a norma específica do Plan de Xestión do Lobo e da Lei de Caza de Galicia.

Antecedentes:

a) Nos últimos meses a Administración da Xunta de Galiza, por medio dos Servizos Provinciais de Medio Ambiente da Consellería, están a tramitar autorizacións de “controis poboacionais” de lobo, ben mediante batidas ou agardas.

b) No Concello de Friol vén de celebrarse unha batida de lobo o pasado 28 de xaneiro, no que resultou finalmente disparado un can doméstico, e quedou constatado que durante o transcurso da mesma foron empregados métodos ilegais ao abeiro da lei de caza, que tería sido incluso motivo de apertura de expediente por parte do SEPRONA

c) Que o Servizo Provincial de Pontevedra autorizou para o mes de outubro agardas de lobo nos montes de Cotobade, e na que se poderían ter empregado métodos ilegais mediante o uso de cebos atraentes (prohibido polo artigo 32 do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia): reses mortas convenientemente colocadas na liña de tiro. Do que lle acompañamos copia de solicitude de información ao ente que autorizou, xunto coa súa respectiva resposta.

d) Que novamente o Servizo Provincial de Pontevedra autoriza para o mes de febreiro agardas para lobo nos montes de Cotobade.

e) Que existen diversas fontes de información que indican que nos últimos meses teríanse aprobado máis controis poboacionais de lobo en diferentes provincias galegas.

f) Sobre os controis poboacionais existe unha literatura científica xeneralizada que indica que este tipo de medidas resultan drásticas e que repercuten dun modo contrario ao que pretende o alcance de ditas medidas excepcionais, xa que mentres non se chegara a eliminación total de tódolos exemplares pois o efecto que desencadearía sería o dun incremento de maior número de ataques a presas fáciles, da que o gando ocupa unha posición preferente, derivada da destrución ou alteración da particular estrutura social que marca as pautas de comportamento dos lobos que viven en grupos familiares.

Consideracións:

1) Dende ADEGA entendemos que se están a dar autorizacións de controis poboacionais dunha maneira discrecional, desviándose do sentido das medidas de conservación do lobo contempladas na súa norma específica;

2) Na actualidade existen unha serie de incumprimentos graves na aplicación do Decreto 297/2008, que se tratarían de desviacións que lle restan garantías que permitan desenvolver unha correcta aplicación do Plan de Xestión.

Estas desviacións contravirían o sentido polo que o lexislador entendeu a necesidade de aprobarse un plan de xestión do lobo.

3) Apreciamos que existe unha falta notoria de garantías á hora de emitirse os informes técnicos polos que se xustifican os controis poboacionais, basicamente porque moitas das medidas necesarias para graduar e establecer dita base xustificativa non se teñen desenvolvido por parte da Administración.

Entendemos que coas irregularidades apreciadas no incumprimento de varios artigos do Decreto non resulta posible que as autorizacións queden xustificadas dun xeito obxectivo, e o que se estaría a facer é abusar nunha discrecionalidade inxustificada que contraviría o principio básico que se pretende que é garantir a conservación da especie.

Debe terse en conta a particular protección legal que ten o lobo. Xa que tratándose dunha especie que aínda non estando incluída no catálogo de especies ameazadas, considerada cinexética, dadas as particularidades e ameazas ás que está sometida, o lexislador entendeu que debe estar sometida a un plan específico que garanta a súa conservación e estableza mecanismos de xestión cos que solucionar a súa conflictividade coa gandería.

4) Destacar tamén que existe unha vulneración da transparencia que debe acompañar a boa praxe da tramitación administrativa, conforme ao disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Base xustificativa dos preceptos que se vulneran do Decreto 297/2008:

1) O decreto 297/2008, do 30 de decembro, relativo a un plan de xestión específico da especie en Galicia, ten coma finalidade garantir a xestión de conservación da especie e establecer un gradiente de medidas que axuden a mitigar os danos á gandería por ataques e en función da zonificación establecida.

O Plan establece unha zonificación, conforme a densidades de lobos, e a necesidade de darse unha situación de recorrencia na aparición de danos.

2) O artigo 8 deste Decreto dispón na súa redacción que se fomentarán medidas de prevención, contemplándose a posibilidade de realizar *“unha planificación para controlar a poboación de lobo”*, indicando explicitamente que tal medida poderá ser adoitada pola Administración *“logo dunha avaliación técnica dos danos sobre o gando, da adopción de medidas preventivas, do grao de conflictividade social e do estado poboacional do lobo, que deberá ser obxecto de seguimento”*.

3) O artigo 10, referido *“ás directrices para o control do lobo”*, supedita as autorizacións de control de poboacións á comprobación de cumprirse ó disposto no artigo 8, e así garantir a finalidade do plan que é *“evitar situacións que poidan derivar en problemas de conservación”*.

4) Consideracións sobre a instrución e resolución das avaliacións técnicas dos danos sobre o gando.

O artigo 22 sobre *“a avaliación e seguimento do sistema de axudas”* indica que *“establecerase unha gradación do volume dos danos producidos polo lobo que se poden soportar así como directrices de xestión referidas ás distintas zonas que establece o Plan”*. Enténdese que o Plan con esta medida pretende introducir uns protocolos e uns criterios de obxectividade que salven autorizacións que puideran resultar discrecionais.

As ordes de veda de caza, aprobadas anualmente, ao abeiro da Lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de Galicia, estable que *“por danos constatados desta especie, poderanse autorizar agardas, batidas e monterías durante todo o ano....A existencia de danos deberá ser comunicada ao servizo provincial de Conservación da Natureza co fin de proceder a súa comprobación, como requisito previo á autorización da práctica cinxética...En todo caso, estarase ao disposto no plan de xestión desta especie aprobado polo Decreto 297/2008”*

A Orde de vedas non determina ningunha gradación do volume dos danos sobre os que despois resolver as solicitudes de controis (caso por exemplo na RESOLUCIÓN de 22 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a temporada 2016/17) remitíndose ao que determine o Plan de Xestión do Lobo

Non existe documento publico nin coñecemento da existencia de ditas directrices e da “gradación do volume de danos necesarios” , sobre os que poder xustificar, con garantía e coherencia respecto ao Plan do Lobo, a determinación de autorización dos controis aos que se refire o artigo 10.

5) Consideracións sobre a adopción de medidas preventivas

O artigo 22 establece, no seu apartado 3, que as *“axudas para paliar os danos producidos polo lobo reduciranse ou denegaranse para aqueles posibles beneficiarios que non se corresponsabilicen na adopción das medidas preventivas que se fixen nas correspondentes ordes de axudas para evitar estes danos”*.

En que grado resulta posible corresponsabilizarse na adopción das medidas preventivas se dende a propia Administración responsable de fomentalas e desenvolvealas non activou os mecanismos básicos para alcanzalos.

Tendo en consideración **as axudas por prevención** dispostas pola Xunta de Galiza nos últimos anos, resulta moi complexo que sexa posible que dende a Administración se garanta unha correcta aplicación na adopción de medidas preventivas.

Tan só é na anualidade do 2016 cando a Administración recupera un programa de axudas neste sentido despois de varios anos sen convocalas. E vén de contratar, por primeira vez, un estudo para determinar a eficacia da posta en marcha das medidas preventivas que se atopa en fase de elaboración. Aspecto este que entendemos coma suficiente para establecer unha “moratoria” ou suspensión nas autorizacións dos controis poboacionais á agarda de concluírse e coñecerse os seus resultados e das solucións e medidas que se formulen.

Período	Axudas prevención
2016-2017	34.340,72**
2015-2016	150.000*
2014-2015	0
2013-2014	0
2012-2013	0
2011-2012	28.000
2010-2011	28.000
2009-2010	28.000
2008-2009	94.500
2007-2008	94.500
2006-2007	70.000
2005-2006	100.000
2004-2005	0
2004	0

Crédito disposto pola Xunta de Galicia para o pago de medidas preventivas dende o ano 2004. * do crédito establecido por danos provocado pola fauna salvaxe. ** Crédito destinado a asistencia técnica para determinar a eficacia das medidas preventivas. Fonte de elaboración ADEGA, información extraída das Ordes de axuda por pago de danos publicada anualmente no DOGA.

6) Consideracións sobre o grado de conflictividade social .

Trátase dun factor de presión decisivo á hora de autorizar os “controis poboacionais”. Por parte dos afectados existe unha percepción da problemática do lobo, en relación aos danos ao gando, de indefensión e motivo da xeración dunha forte frustración.

O lexislador consciente desta cuestión incluíu no Decreto do lobo un abano de medidas para precisamente rebaixar dito grado de conflictividade, por medio da combinación e posta en marcha de diferentes actuacións: pago de danos rápido, axudas e recomendacións de manexo do gando para a súa prevención, de sensibilización e divulgación do lobo, incluso, na maneira de comunicar con informacións “en positivo” dende os medios de comunicación.

Neste sentido constátase unha nula aplicación de varias das medidas contidos no Plan e que na práctica teñen coma consecuencia un empeoramento no grado de conflictividade social.

O principal elemento que está a contribuír que dito grado de conflictividade vaia en aumento, en contra do que busca o Plan, atopariámolo na deficiente avaliación da cobertura no sistema de axudas, constatándose que existen retrasos moi importantes na súa execución. Isto estará a contravir as previsións recollidas no apartado 22, referido *“a avaliación e seguimento do sistema de axudas”*, que especifica que a *“realización dun seguimento técnico do sistema de axudas que actualmente se está a desenvolver, que incluírá a detección e a análise dos problemas que se vaian orixinando, a **avaliación da súa cobertura** e o mantemento da calidade no sistema de verificación de danos”*

Incumprimento nas coberturas de axudas para as que se pode facer incluso unha valoración económica anual e acumulada dos mesmos, que ascenderían a uns 570.096 euros de retrasos dende o ano 2010, en base aos danos declarados en relación ás ordes de axuda aprobados.

Retrasos acumulados por impagos de danos de lobo dende o ano 2010 ao 2016								
ANO	Estima do total anual dos danos por gandería				Estima do total anual dos danos para o conxunto da gandería	Axudas aprobadas*	Danos económicos anuais non pagados	Danos económicos acumulados nos anos sucesivos
	Caba.	Ove.	Cab.	Vac.				
2010	12.000	91.875	9.525	156.600	270.000	131901	-138.099	-138.099
2011	10.900	66.525	10.500	176.400	264.325	128.301	-136.024	-274.123
2012	12.300	68.925	10.875	159.600	251.700	111.616	-140.084	-414.207
2013	1600	51.525	7.575	167.400	228.100	106.035	-122.065	-536.272
2014	12.600	70.950	6.450	184.800	274.800	106.035	-168.765	-705.037
2015	12.400	52.650	8.775	189.000	262.825	358.958	+ 96.133	-608.904
2016	17.000	60.075	13.875	250.200	341.150	379.958	+ 38.808	-570.096
total	93.200	46.2425	67.575	128.4000	1.907.200	1.322.804		

Aproximación do retraso acumulado por impago de danos ás reses mortas derivadas de ataques de lobos entre os anos 2010 ao 2016. Fonte elaboración ADEGA.

Para entender o alcance da falta de solucións na resolución do grado de conflictividade ,e polo tanto do incremento na percepción de que o lobo debe ser perseguido, a medida que os danos se acumulan e non se dotan da cobertura de axudas suficientes, resulta oportuno realizar unha valoración do que supoñen os danos sobre o gando e, así, tamén aportar unha visión económica do alcance deste problema:

Así da avaliación dos danos sobre o gando vemos que o impacto dos ataques de lobo sobre a gandería ocasionaron un dano estimado para o 2016 duns **341.150 euros** para todo Galiza. Unha cantidade que se comparamos co volume económico da gandería galega resulta marxinal.

Temos unha gandería vacún duns 900.000 animais cun valor por riba dos 952 millóns de euros, segundo diferentes estatísticas que ofrece organismos coma o Instituto Galego de estatística ou o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Para novembro de 2015, as estatísticas do Ministerio censan 951.868 reses de bovinos totais, ver http://www.mapama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/resultados_definitivos_nov15_bovino_parawebmagrama_tcm7-414384.pdf) , e resulta que o lobo mata só 0,011% deses exemplares, por un valor duns 250.000 mil euros ano. Este valor supón ao redor dun 0,035 % do valor económico global da gandería vacún de Galiza.

Aproximación impacto económico danos lobo sobre a gandería bovina para Galiza					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Bovino totais	338.659	450.271	63.382	100.344	952.656
Estimación valor económico	338.659.000	450.271.000	63.382.000	100.344.000	952.656.000
Estimación danos lobo	53.375	159.375	74.075	54.325	341.150
% dano lobo sobre a cabana bovina	0,0157	0,035	0,116	0,054	0,035

Censo cabana bovina total (vacas muxidura+ non muxidura+beceros) para o ano 2014 (datos Instituto Galego Estatística), outorgando un valor medio de 1.000 euros por res en base a datos de macromagnitudes agrarias para Galicia no ano 2008 (rendemento sector cárnico e leiteiro), . Fonte elaboración ADEGA

Vistos estes datos sobre o alcance do impacto dos ataques do lobo na gandería profesional galega, principalmente a vacún, que resultan claramente marxinais dentro do global económico deste sector (0,035 % de impacto económico), aínda que consciente de ser motivadores dun trastorno e prexuízo económico á escala individual de quen padece os ataques, **entendemos que a Administración non desenvolve, ou ben non quere desenvolver, unhas medidas que, polo reducido do impacto dos danos apreciados, non deberían resultar dificultosas ou complexas de executar , coma tampouco non se xustificaría por limitacións orzamentarias polo montante económico marxinal que supón dentro das axudas agrarias e medioambientais que se manexan anualmente dende a Xunta.**

A comprensión do fenómeno da conflictividade social derivada dos danos polo lobo debe ser avaliada dende o desentendemento da asunción de responsabilidades por parte da Administración, cunha praxe que se afasta dos mecanismos lexislados para facer fronte a esta situacións.

Pola contra decide autorizar controis poboacionais, sen terse dados as garantías comprobatorias de que os mecanismos dispostos resultan notoriamente insuficientes para reducir dita conflictividade social.

7) Outros incumprimentos que agravan a conflictividade social do problema.

Nunca foron convocados **os órganos de participación social do lobo**, tal e como recolle o Decreto do lobo, na forma prevista no artigo 24, relativo ó Foro galego sobre o lobo, no que estarían representados todos os sectores relacionados co lobo en Galicia.

Isto non fai posible que se despreguen os mecanismos de participación cidadá, previstos no Plan, coa intencionalidade de que poida contrastarse a boa execución do mesmo.

Aspecto que tamén resulta agravado polo impedimento de asistir, sen que a norma o prohiba, a unha parte da representación social ás comisións provinciais de danos que contempla o artigo 21.1.

Incúmprense as accións recollidas no artigo 23, referido á Información, educación ambiental e sensibilización, que incluíría a realización dun plan de comunicación, educación, concienciación participación completo, baixo o nome de plan CECOP, dirixido a diversos sectores implicados, incluíndo á comunidade gandeira, medios de comunicación, sociedade en xeral Incluíndo diversas accións divulgativas co propósito de xerar unha percepción favorable do lobo e, así, poder reducir cuestións de conflitividade social e na mellora da protección da especie.

Conclusiones:

- 1) Os controis poboacionais deben considerarse unha medida excepcional que dependerían do cumprimento dunhas condicións perfectamente definidas no artigo 8 do Plan de Xestión.
- 2) O único que están a demostrar estas autorizacións da Consellería de Medio Ambiente é a improvisación que existe, o descontrol que se produce, e a falta de transparencia na tramitación das autorizacións e polas que se xustifican.
- 3) As resolucións de autorización dos mesmos susténtanse sobre un suposto cumprimento de determinados requisitos que deberían ter lugar, pero que por unha mala praxe da Administración non resulta posible que se logren.
- 4) Estas autorizacións concedidas baixo circunstancias nas que non queda garantidos o cumprimento dos mecanismos comprobatorios que as xustifican comprometen serísimamente a consecución dos obxectivos que propugna o Plan de Xestión do Lobo, recollidos no seu punto 5, e que son:
 - a) Establecer as medidas e actuacións que permitan manter unha poboación viable de lobos dentro dun marco de coexistencia co mundo rural e compatible coas actividades agropecuarias, que contribúan á conservación da poboación ibérica.
 - b) Manter unha poboación estable e continua de lobos, similar á actual, independentemente das fluctuacións naturais que se poden producir a curto prazo, e desenvolver os mecanismos para o seu seguimento e estudo.
 - c) Minimizar a conflitividade xerada polos danos que ocasionan os lobos sobre o gando, mediante incentivos económicos e asesoramento técnico axeitado para a aplicación de métodos de prevención de danos.
 - d) Establecer propostas e fomentar actuacións nas cales se recoñeza o lobo como un recurso económico que pode mellorar as condicións socioeconómicas das poboacións locais, tales como actividades turísticas e a recuperación do patrimonio cultural.

e) Desenvolver programas e actuacións co obxecto de aumentar o coñecemento e a tolerancia dos distintos sectores da sociedade cara ao lobo.

f) Establecer un sistema de participación social en que todos os sectores relacionados directamente coa xestión do lobo asuman a súa corresponsabilidade na xestión e conservación da especie.

Por todo o anteriormente exposto, dende ADEGA **SOLICITAMOS** a esta Fiscalía que proceda con urxencia a realizar unha investigación profunda e obxectiva en relación coas autorizacións de controis poboacionais de lobo por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) e que depure as eventuais responsabilidades penais derivadas das presuntas irregularidades cometidas polos dos responsábeis deste departamento.

Compostela, 9 de febreiro de 2017

Asdo.: Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA